

Concesión de 56 bolsas de formación práctica en oficinas de información turística durante o 2010 e se procede á súa convocatoria.

Finalidade

Realización de actividades turísticas-formativas co fin de conseguir unha maior cualificación e formación dos recursos humanos no sector turístico.

Destinatarios

Poden optar ás bolsas de formación nas oficinas de información turística: os técnicos superiores en información e comercialización turísticas, os técnicos superiores en axencias de viaxes, os técnicos especialistas de secretariado bilingüe, os diplomados ou licenciados en turismo e licenciados universitarios da rama de humanidades.

Descrición

O contido da bolsa persegue fomentar o perfeccionamento profesional do bolseiro mediante a realización de prácticas formativas nas oficinas de información turística con suxeición ao plan de formación que se lles entregará ao comezo das súas prácticas e coas indicacións que lles transmita o titor que teñan asignado.

Solicitud e prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será **1 mes** contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia

Lugar de presentación

Os interesados deberán dirixir a solicitude, en formato papel, ao órgano competente para resolver e presentarana no rexistro da Secretaría Xeral para o Turismo, da Consellería de Cultura e Turismo, ou nos respectivos departamentos territoriais, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992

Resolución prazo

O prazo máximo para a tramitación e resolución da concesión das bolsas será de **3 meses** desde a data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

MÁIS INFORMACIÓN: DOG N° 16 do 26/01/2010